



Acta da Comisión Permanente do día 17 de xullo de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 17/07/2024
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 17/07/2024
- III. Solicitudes de recoñecemento de créditos
- IV. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 10 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 19 de xuño de 2024.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión.

- 2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

A Presidenta indica que se achegaron 4 solicitudes de recoñecemento de créditos. Aclara que hai que valorar as solicitudes e indicar se procede a admisión na titulación por recoñecemento de 30 créditos ECTS. A continuación comenta as solicitudes achegadas e a proposta da dirección (Anexo III):

1. Solicitud para o GERME de estudante provinte do GEE. É un caso estándar.
2. Solicitud para o GEE de estudante provinte do *Grado en Ingeniería Energética* da *Universidad de Valladolid*. Este caso precisa un estudo máis detallado; comprende materias do ámbito con correspondencia clara, materias de matemáticas que foron valoradas polo profesorado que as imparte, e outras materias sen encaixe directo para as que se propón recoñecemento de 12 ECTS de materias optativas.
3. Solicitud para o GERME de estudante provinte do Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática da Universidade de Vigo. Comprende materias de formación básica; concretamente, coa materia Matemáticas: Álgebra e estatística, de 9 ECTS, xa se recoñeceron en solicitudes precedentes as materias Matemáticas: Álgebra lineal e Matemáticas: Estatística co aval do profesorado que as imparte.
4. Solicitud para o GEE de estudante provinte do GERME. É un caso estándar.

Apróbase por asentimento a proposta para os 4 casos, emitíndose informe favorable para todos eles.

A Presidenta sinala que, a petición da Área Académica de Graos, propónse aprobar o seguinte acordo co fin de axilizar o proceso de recoñecemento de créditos para técnicos superiores de Formación Profesional:

“Delegar na Área de Estudos de Grao deste centro a resolución favorable, de maneira automática, das solicitudes de recoñecemento dos créditos que figuran no catálogo de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan a estudos universitarios, de acordo ao convenio de colaboración asinado coa Xunta de Galicia. Aquelas solicitudes de recoñecemento que non se axusten a este convenio deben ser remitidas a esta Comisión Permanente para a súa resolución”.

A Comisión Permanente aproba a proposta por asentimento.

3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.

A Presidenta sinala que se achegaron 11 solicitudes correspondentes ao GEE e 1 ao GERME. Cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador do GEE, quen comenta a proposta de tribunais e a súa adaptación ás temáticas dos traballos (Anexo IV).

Sinala que todas as solicitudes cumpren os requisitos. Engade que, co novo procedemento, as defensas estarán suxeitas a que a persoa titora envíe o informe de valoración positivo e do *software* antiplaxio correspondente. Por último, indica que o profesorado proposto para os tribunais xa confirmou a súa dispoñibilidade.

A Comisión aproba por asentimento a proposta de tribunais.

Agradece o seu traballo a Francisco Deive e Iria Feijóo e aos membros dos tribunais a súa colaboración.

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 16 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dezasete de xullo de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 17/07/2024

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 17 de xullo de 2024, ás 09:30 h en primeira convocatoria e as 10:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 19 de xuño de 2024.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.
4. Rogos e preguntas.

Vigo, 10 de xullo de 2024
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa [contrasinal 1DLD6QsL \(eLe-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele\)](#) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-c29d-b750-8fff-8d77-7e90-ad8c-be5a-905a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 10/07/2024 11:12 | NOTAS : F





ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 17/07/2024

Asistentes á Comisión Permanente do 17 de xullo de 2024
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
Francisco Javier Deive Herva
Profesorado
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Eduardo Giráldez Pérez
Javier Vijande López
Estudantes
Belén Parente Artime
PAS
-

Desculpa a súa ausencia M^a Carmen Romo Pérez.



ANEXO III

Solicitudes de recoñecemento de créditos



ANEXO IV

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados
nesta vindeira convocatoria